# BITeB

Boletín Informativo de Traballo e Benestar

**Consellería de Traballo e Benestar - febreiro 2012, n.º 71**





## Galicia amplía o diálogo social e alcanza case a trintena de acordos, unha cifra que Feijóo propón como "estímulo" para profundar en novos pactos polo emprego e o benestar no que resta de lexislatura

O presidente da Xunta presidiu no Pazo de Raxoi a sinatura de 14 novos acordos entre os sindicatos UXT e CC.OO., a patronal e o Goberno galego





## O DOG publica axudas para os cursos de formación que sumarán 55 millóns de euros e beneficiarán a 23.000 desempregados

## Mato pide ao Estado que revise o modelo de financiamento da Lei de dependencia para garantir e optimizar a viabilidade do sistema

- A conselleira de Traballo e Benestar mantivo a primeira xuntanza institucional coa ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Ana Mato, na que acordaron levar a cabo unha avaliación "seria e rigorosa" da lei
- Solicita que se modifique o modelo de financiamento para que se calcule en función do servizo que se presta e para que sexa "unha achega real" do 50% entre Estado e comunidades autónomas, tal e como marca a propia lei

## Preto de 6.900 persoas foron contratadas en 2011 a través dos plans de cooperación, un 30 % máis que en 2010

Informe do paro rexistrado

## Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 271.284 persoas desempregadas

EPA

## Enquisa de poboación activa IV trimestre 2011

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Diálogo social | 2-3 | Cooperativismo | 9 |
| Sinistralidade laboral | 3 | Política Social | 10-11 |
| Formación e emprego | 4-9 | Xuventude e voluntariado | 12 |
| Informe do paro rexistrado | 8 | Normativa | 13-18 |
| EPA | 9 | Publicacións | 18 |


Créditos


Edita:
Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración:
Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación:
Pepa Dabán Royo

Maquetación:
Antonio Lameiro Ces

# Galicia amplía o diálogo social e alcanza case a trintena de acordos, unha cifra que Feijóo propón como "estímulo" para profundar en novos pactos polo emprego e o benestar no que resta de lexislatura

- O presidente do Goberno galego subliña que é a segunda vez que se inclúe un acordo específico en materia de contratación, neste caso dirixido a formar e inserir no mundo laboral a mozos e parados de longa duración
- Xunto co emprego, os outros dous piares do diálogo social seguen sendo o apoio a sectores produtivos como a automoción, o naval ou a enerxía e a preservación do benestar, como a través da futura Lei de inclusión social
- Detalla que a práctica totalidade dos acordos alcanzados con sindicatos e patronal están en execución

**Santiago, 25 de xaneiro de 2012**.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presidiu no Pazo de Raxoi a sinatura de 14 novos acordos entre os sindicatos UGT e CC.OO., a patronal e o Goberno galego, e que demostran que Galicia ten completamente interiorizado o diálogo social.

Con esta sinatura, Feijóo subliñou que Galicia amplía o diálogo social e alcanza case a trintena de acordos no que vai de lexislatura, "practicamente un acordo cada mes; dos que a práctica totalidade están xa en execución". Así mesmo, engadiu que pon de manifesto que "a nosa terra non desaproveitou a oportunidade do diálogo social e que nos valemos dela para atopar instrumentos nesta extraordinaria situación económica e social que a todos nos toca vivir".

Feijóo cualificou esta experiencia de "frutífera e útil" para a economía e para o benestar dos galegos e propuxo que esta cifra sirva de estímulo para seguir alcanzando novos pactos polo emprego e polo benestar no que resta de lexislatura.

Co obxecto de afrontar a principal preocupación do presente, que é a lacra do desemprego, Feijóo destacou que é a segunda vez, na lexislatura, que se inclúe un acordo específico en materia de contratación, neste caso dirixido a formar e inserir no mundo laboral a mozos e parados de longa duración.

Xunto co emprego, os outros dous piares do diálogo social seguen sendo o apoio a sectores produtivos como a automoción, o naval ou a enerxía e a preservación do Benestar, como a través da futura Lei de inclusión social, cuxa principal novidade é avanzar cara unha estratexia coordinada entre os servizos sociais, o Servizo Público de Emprego de Galicia e a propia Xunta para que o itinerario das persoas para saír da exclusión, con apoio público, sexa único, coherente e continuado, desde o social ao laboral.

Feijóo referiuse tamén ao acordo asinado para establecer unha planificación enerxética de Galicia; ao acordo para establecer obxectivos e liñas estratéxicas de mobilidade en Galicia; e ao avance nas liñas xerais para o desenvolvemento da Lei de participación institucional.

Amais destes cinco acordos, o presidente da Xunta explicou que se formalizaron outros nove, "que xa fomos desenvolvendo nos últimos meses –subliñou- e que dan proba dos catro piares nos que se sustenta todo o proceso de diálogo social iniciado desde o principio da lexislatura: o fomento do emprego, o apoio aos principais sectores produtivos, a aposta polo desenvolvemento sostible e lograr unha Galicia máis inclusiva e con mellores prestacións sociais, a pesar da crise".



O presidente da Xunta presidiu no Pazo de Raxoi a sinatura de 14 novos acordos entre os sindicatos UXT e CC.OO., a patronal e o Goberno galego



A Conselleira de traballo e benestar no acto de sinatura de 14 novos acordos entre os sindicatos UXT e CC.OO., a patronal e o Goberno galego

No tocante ao fomento do emprego, o titular da Xunta salientou o acordo para desenvolver un plan de atención individualizada de mozos en paro e demandantes de emprego que leven máis dun ano ininterrompido en paro; e o acordo sobre o fomento do emprendemento en Galicia, e que inclúe, por exemplo, programas de apoio á creación e consolidación de empresas, ou fomento de empresas de base tecnolóxica.

Así mesmo, avanzou a creación do Consello Autonómico de Emprego, os consellos provinciais de emprego e os comités territoriais de emprego, como referentes de decisión das políticas activas de emprego a nivel autonómico, a nivel provincial e a nivel local.

O apoio aos sectores produtivos reflíctese, tamén, no apoio ao sector naval, onde se acordaron varias medidas que axuden a superar o dificilísimo momento polo que está pasando, como a implantación do selo e da credencial naval; ou á automoción, fundamentalmente a través do desenvolvemento de diversos programas de I+D+i que complementen a competitividade deste sector.

A aposta polo desenvolvemento sostible é a filosofía do acordo en materia de xestión de residuos urbanos e industriais de Galicia e do acordo en materia de infraestruturas hidráulicas e traballos medioambientais ata 2013, que busca garantir un saneamento de calidade e un abastecemento en cantidade.

Por último, e para lograr unha Galicia máis inclusiva e con mellores prestacións sociais, pactáronse os principios que se van alcanzar no ámbito da atención ás persoas con discapacidade, recollidos no plan elaborado pola Xunta e pactado con este colectivo; así como varios puntos en materia de dependencia, tanto para mellorar a xestión para o recoñecemento e atención dos dependentes, como para establecer un modelo de seguimento máis transparente.

Feijóo concluíu a súa intervención afirmando que: "do mesmo xeito que Galicia se anticipou noutras necesidades inaprazables do momento presente, como foi a austeridade das administracións e como foi a disciplina presupostaria e a maior eficiencia dos servizos públicos; penso que tamén nos anticipamos á hora de asinar e de confiar no diálogo social. Penso que tamén nos anticipamos e que a maioría das decisións que tomou e ten que tomar a Xunta estarán respaldadas por eses acordos e por eses pactos".







# O ISSGA lanza un programa de 72 actuacións para facer fronte á sinistralidade laboral en Galicia ao longo do 2012

- A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, presentou o Plan de Actividades para 2012, á vez que informou dos accidentes laborais que tiveron lugar no 2011
- O plan conta con seis eixos e inclúe iniciativas novidosas como a posta en marcha do programa forestal, a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas, ou a posta en marcha do mapa das enfermidades profesionais, entre outras
- A sinistralidade laboral en Galicia reduciuse nun 15,61% en 2011, ao rexistrar un total de 31.149 accidentes con baixa en xornada laboral, 5.763 menos que no 2010



**Santiago, 20 de xaneiro de 2012**.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) vén de lanzar un programa articulado en seis eixos que inclúe 72 actuacións nas distintas especialidades preventivas (seguridade, hixiene, ergonomía e psicoloxía, e medicina no traballo) dirixidas a facer fronte á sinistralidade laboral en Galicia ao longo deste ano.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, presentou en rolda de prensa o Plan de Actividades do instituto para 2012, á vez que informou dos accidentes laborais que tiveron lugar no 2011.

O plan conta con seis eixos: xestión de procesos para o desenvolvemento de actuacións de carácter interno; observatorio galego de condicións de traballo, que obtén, procesa e difunde información así como que publica os datos estatísticos e o coñecemento xerado; xestión da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; programas de redución, e formación, difusión e sensibilización.

Segundo explicou Adela Quinzá-Torroja, entre as actividades que se desenvolverán no 2012 cómpre salientar varias iniciativas novidosas como a posta en marcha do programa forestal, a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas; a posta en marcha do mapa das enfermidades profesionais; a participación na Plataforma Técnica de Saúde Laboral para a declaración de sospeitas de enfermidades profesionais; o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos de redeiras; o estudo das causas dos accidentes graves e mortais en Galicia; ou a formación para a administración local.

Adela Quinzá-Torroja engadiu que o Plan de Actividades do ISSGA para 2012 inclúe a continuidade de liñas postas en marcha en anos anteriores e que tiveron gran aceptación, tales como o impulso da colaboración coa autoridade sanitaria na investigación de enfermidades e vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral, o mapa de riscos ergonómicos de Galicia ou o Plan piloto de avaliación de riscos psicosociais na administración.

**Un 15,61% menos de accidentes en 2011**

A directora do ISSGA aproveitou para informar de que a sinistralidade laboral en Galicia reduciuse nun 15,61% en 2011 con respecto a 2010, ao rexistrar un total de 31.149 accidentes con baixa en xornada laboral, 5.763 menos que no 2010. De eles, 30.623 foron leves, 474 graves e 52 mortais.

Adela Quinzá-Torroja indicou que a sinistralidade descendeu nas catro provincias galegas (A Coruña -14,39%, Lugo -12,78%, Ourense -17,24%, Pontevedra -17,37%) e recalcou que os sinistros mortais baixaron en xeral un 18,75 por cento.

Así mesmo resaltou que os accidentes 'in itinere', os ocorridos durante os desprazamentos ao ir ou volver do traballo, diminuíron nun 15,04% con respecto ao ano anterior.

Por sectores, Quinzá-Torroja apuntou que o maior descenso rexistrouse na construción (24,64%), seguido da industria (17,8%), dos servizos (11,1%), a pesca (8%) e a agricultura (6,2%).

issga

http://www.issga.es

## Traballo destina 7,4 millóns a accións de información, orientación e busca de emprego que permitirá habilitar máis de 240 técnicos

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López presentou as novidades destas axudas para 2012
- Destacou que a convocatoria de axudas fomenta este ano a figura das mancomunidades ou outras agrupacións de municipios, xa que no reparto das subvencións se garantirá a existencia dun mínimo de persoas desempregadas para que os servizos de orientación se presten alí onde máis se precise
- Explicou que a iniciativa é unha medida activa de emprego dirixida á mellora da capacidade de inserción laboral das persoas desempregadas a través da información e a orientación profesional personalizada



**Vigo (Pontevedra), 17 de xaneiro de 2012.**- A Consellería de Traballo e Benestar investirá en toda Galicia un total de 7,4 millóns de euros para a concesión de axudas e subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca do emprego (accións IOBE). Esta orde, que xa saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), financiará accións por período máximo dun ano: desde o 1 de febreiro de 2012 ata xaneiro de 2013.

Grazas a este investimento, as entidades beneficiarias destas axudas poderán chegar a habilitar en toda Galicia uns 240 técnicos de orientación, que se encargarán de prestar asesoramento e información aos desempregados. Así o explicou en Vigo a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, quen expuxo as novidades desta convocatoria de axudas, unha iniciativa que permitiu o ano pasado na provincia pontevedresa contratar 81 orientadores profesionais, dos que 42 foron na área metropolitana de Vigo. Os servizos de orientación beneficiaron aproximadamente a máis de 19.000 persoas en paro na zona viguesa e a preto de 36.000 en toda a provincia de Pontevedra.

Estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego mediante itinerarios personalizados de inserción ocupacional para mellorar as posibilidades de incorporación ao mercado laboral dos demandantes do Servizo Público de Emprego.

A responsable da área autonómica apuntou, con respecto ás entidades locais, que este ano, como novidade, introduciuse para o reparto destas axudas un criterio de redistribución xeográfica, co obxectivo de que "os servizos de orientación se presten nas entidades locais que o precisan polo seu nivel de paro rexistrado para evitar que os demandantes teñan que desprazarse moitos quilómetros", apuntou.

Por iso, sinalou que se está a esixir que as entidades garantan a existencia dun mínimo de persoas desempregadas do seu territorio, un total de 500, ou que se presenten baixo a figura das mancomunidades ou outras agrupacións de municipios. Neste senso, Díaz López incidiu "na necesidade de potenciar que os concellos mancomunen servizos".

Outra das novidades que se incluíron na convocatoria de subvencións de 2012 é a ampliación da definición das accións de información, orientación e busca de emprego a ámbitos como a prospección de empresa e asesoramento en procesos de recoñecemento da experiencia, na liña do que marca o Espazo Económico Europeo (EEE).

A última das novidades refírese á introdución dun criterio de control e penalización na realización das accións subvencionadas.

### O labor dos orientadores

Os técnicos que se contraten a través destas axudas, que xa se poden solicitar, encargaranse, entre outras funcións, de elaborar diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados; proporcionar información sobre o mercado de traballo e os distintos incentivos; deseñar itinerarios individuais e personalizados de emprego; contactar con empresas para difundir as súas iniciativas e realizar unha prospección das necesidades das empresas; ou informar sobre a oferta de accións de formación profesional ou o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas.

A través desta orde subvenciónanse os custos de persoal das entidades colaboradoras externas que acheguen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo as devanditas actuacións.

Co financiamento destas accións en materia de orientación, a consellería busca facilitar a inserción e reincorporación laboral dos desempregados, ademais de favorecer a súa mobilidade profesional no mercado de traballo e dar apoio para que os destinatarios tomen as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades formativas, segundo apuntou Díaz López. De feito, precisou que é "unha das medidas incluídas nas políticas activas de emprego deste departamento".

**http://traballo.xunta.es/iobe**




## O DOG publica axudas para os cursos de formación que sumarán 55 millóns de euros e beneficiarán a 23.000 desempregados

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, presentou a convocatoria destas subvencións, que se incrementan en máis de 1,6 millóns- un 3 por cento- con respecto a 2011
- Destaca que o Goberno galego segue a reforzar as súas políticas activas de emprego no eido da formación, unha vez que esta actuación xa se viría aumentada este ano nun 5 por cento con respecto a 2010

Santiago, 9 de xaneiro de 2012.- Preto de 23.000 persoas desempregadas poderán beneficiarse de accións formativas este ano, en cuxa programación a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 55,1 millóns de euros. Precisamente, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde reguladora das bases desta actuación e a súa convocatoria pública.

Así o avanzou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana Díaz López, quen presentou as novidades da programación para este ano.

En primeiro lugar destacou que a Administración laboral galega incrementará en máis de 1,6 millóns de euros esta actuación con respecto a 2011, o que supón un 3 por cento máis de orzamento. Desta forma, indicou que "o Goberno galego segue a reforzar as súas políticas activas de emprego no eido da formación". Explicou, neste senso, que o investimento destinado a esta programación xa aumentou en 2011 nun 5 por cento con respecto a 2010, ao pasar, entón dos 50,7 millóns de euros aos 53,5.

A responsable da área autonómica fixo tamén fincapé en que coa programación para o 2012 seguirase a incrementar a formación acreditable, dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade. "De feito, preto do 100 por cento dos máis de 1.100 cursos que se ofertarán en 2012 irán nesta liña", resaltou, ao tempo que destacou que esta orde de axudas foi acordada cos axentes sociais.

Explicou que esta formación acreditable permitirá aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesional recoñecidos na lexislación vixente.

Desta maneira, Díaz López sinalou que a través da orde de axudas para cursos de formación destinados a persoas desempregadas, a Xunta volverá a facer "unha importante aposta por unha formación para o emprego cos máximos niveis de calidade e excelencia, precisos neste contexto de crise económica e laboral". Ao respecto, destacou que "o que buscamos deste xeito desde o Goberno galego é ofertar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e ás esixencias de competitividade das empresas".

Tamén pretende cubrir as aspiracións dos traballadores en materia de promoción profesional e desenvolvemento persoal, co fin de mellorar a súa capacitación para o desempeño cualificado das diferentes ocupacións e o acceso ao emprego. Os novos programas de formación que integrarán a oferta de 2012 da Dirección Xeral de Formación e Colocación están normalizados, actualizados e adaptados ás esixencias do mercado de traballo, ao igual que os de anos anteriores.

### Bolsas para a formación

Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación fixo un balance das becas concedidas polo departamento autonómico en 2011 para facilitar aos alumnos a asistencia a estes cursos, ao tempo que avanzou algunhas das novidades que haberá para a convocatoria de 2012.

Apuntou, en primeiro lugar, que a Consellería de Traballo e Benestar concedeu ao longo de 2011 máis de 20.200 axudas deste tipo (tanto de asistencia como complementarias), o que supuxo un investimento de máis de 11,5 millóns de euros. Preto de 3.500 alumnos recibiron de media ao mes 300 euros de subvención para acudir á acción formativa: uns 500 recibiron a bolsa ao ter a condición de alumnos con discapacidade, 1.700 realizaron o curso a través do seu itinerario personalizado de inserción e 1.200 tiñan ao seu coidado fillos menores de 6 anos ou familiares dependentes ata o segundo grao, que recibiron a subvención para poder conciliar a vida familiar.

Díaz López lembrou que estas axudas foron ampliadas en 2009, xa que ata ese momento só existía unha subvención por día de asistencia de 6 euros diarios e anunciou que este ano as subvencións volverán a ampliarse. "En 2012 introducirase unha beca para mulleres vítimas de violencia de xénero de 10 euros por día de asistencia ao curso", explicou. Polo tanto, en 2012 a contía mínima subvencionable será de 7 euros ao día e un máximo de 61,37 euros/día.

Para ter dereito a recibir estas axudas, os alumnos e alumnas deberán estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e ser admitidos nun curso que teña unha duración igual ou superior ás 4 horas diarias e 20 semanais.

Existen dous colectivos que poden recibir estas subvencións. Só se pode cobrar unha axuda por este concepto aínda que a persoa pertenza aos dous grupos.

Así, por unha banda, axúdase ás persoas con discapacidade que teñan un grao igual ou superior ao 33 por cento e carezan de rendas de calquera clase iguais ou superiores a 400 euros. O importe da bolsa será neste caso de 13,31 euros por día de asistencia ao curso.

Por outro lado, subvenciónanse aquelas persoas demandantes que participan nunha acción formativa vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas no seu Itinerario Personalizado de Inserción (IPI), sempre que non se negasen a participar en actividades previstas no seu itinerario. Neste caso, ademais, deberán carecer de rendas de calquera clase iguais ou superiores aos 400 euros. O importe da axuda tamén é de 13,31 euros ao día.

### Transporte e manutención

Ademais, Díaz López sinalou que existen bolsas complementarias de transporte, manutención e aloxamento ás que poden optar todos os alumnos que participen nas accións formativas, ademais dos dous colectivos mencionados.

**http://traballo.xunta.es/cursos-dirixidos-a-traballadores-desempregados**



## Preto de 6.900 persoas foron contratadas en 2011 a través dos plans de cooperación, un 30 % máis que en 2010




- O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, fixo un balance destes programas da Consellería de Traballo e Benestar dirixidos a entidades locais e a organismos sen ánimo de lucro
- O Goberno galego investiu máis de 74,7 millóns de euros nesta iniciativa, o que supuxo un 24,7 por cento máis que en 2010
- Un 45% das persoas contratadas foron mulleres e un 33% mozos e mozas
- Os contratos laborais tiveron unha duración de entre 3 e 12 meses
- As novidades introducidas en 2011 na convocatoria das axudas permitiron que xa no mes de febreiro os 61 concellos que dispoñen de Grupos Municipais de Intervención Rápida (Grumir) puidesen realizar as contratacións de forma urxente e con carácter inmediato
- As entidades locais tamén puideron, por primeira vez, levar a cabo en febreiro contratacións anticipadas que implicasen a dúas persoas como máximo

**Santiago, 10 de xaneiro de 2011**.- A Xunta de Galicia favoreceu este ano a contratación de preto de 6.900 persoas a través dos plans de cooperación con entidades locais e outros organismos sen ánimo de lucro, uns programas que, anualmente, pon en marcha a Consellería de Traballo e Benestar e que en 2011 tiveron diversas novidades. Un 45% das persoas contratadas foron mulleres e un 33% mozos e mozas.

O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, fixo un balance desta iniciativa na que o Goberno galego investiu máis de 74,7 millóns de euros, 14,8 millóns máis que en 2010. Así, o incremento no orzamento foi dun 24,7 por cento. O aumento no orzamento permitiu que en 2011 se puidese dar traballo a preto de 1.600 persoas máis que en 2010, o que supuxo unha suba do 30 por cento nas contratacións, que tiveron unha duración de entre 3 e 12 meses.

Hermida destacou que as novidades introducidas o ano pasado na convocatoria destas axudas permitiu facilitar ás entidades o seu labor á hora de levar a cabo as contratacións, un feito que sinalou "é para este Goberno da Xunta moi importante debido á situación de crise económica".

Así, os 61 concellos que dispoñen dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (Grumir), logo dos convenios e acordos asinados entre Xunta e Fegamp, puideron realizar xa no mes de febreiro as contratacións deste persoal de forma urxente e con carácter inmediato. As entidades locais tamén puideron realizar neste mes contratacións anticipadas que implicasen a dúas persoas como máximo, co obxecto de garantir ás administracións locais a atención daquelas obras ou servizos que precisaban urxencia.

As preto de 6.900 contratacións que se fixeron tiveron unha duración desde os 3 meses dos traballadores desempregados para atender os servizos de socorrismo e vixilancia nas praias e piscinas municipais ata os 12 meses no caso das mulleres vítimas de violencia. A media das contratacións foi de entre 7 e 8 meses.

Hermida, ademais, lembrou que nas contratacións tiveron preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral (mulleres, en especial, as vítimas de violencia; menores de 30 anos; persoas con discapacidade; parados de longa duración; persoas desempregadas que esgotaran as súas prestacións e subsidios por desemprego; maiores de 45 anos; e os integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social), así como, aqueles demandantes de emprego que tivesen previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

Recordou, así mesmo, que o obxectivo dos plans de cooperación é o fomento da empregabilidade das persoas en paro. Todos os proxectos que se realizaron foron de interese xeral e social e estiveron vinculados á prestación de servizos sociais, culturais e relacionados coa protección das persoas. A principal diferenza entre as dúas modalidades que existen dos plans de cooperación radica nos seus beneficiarios.

### Axudas para os concellos

Así, Traballo convoca cada ano os programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais dirixida fundamentalmente aos concellos, así como ás entidades públicas vinculadas á administración local, como deputacións, mancomunidades, consorcios ou institutos de desenvolvemento.

Estas axudas contaron en 2011 cun financiamento de preto de 50 millóns, un 23,9 por cento máis que en 2010. Contratáronse nesta modalidade 5.280 persoas, un 30,5 por cento máis que o ano anterior. A maior parte dos traballadores desenvolveron obras (un 33,3 por cento das persoas contratadas), labores de protección civil (25,04%) e actividades relacionadas cos servizos sociais (9,24%).

Como novidade este ano fíxose unha asignación mínima a cada entidade local solicitante en función do seu número de habitantes e de conformidade cunha serie de tramos para garantir que a totalidade dos concellos que concorreron ás axudas recibiron a correspondente subvención, sempre e cando presentasen as solicitudes en tempo e forma e reunisen todos os requisitos esixidos. "As axudas respectaron o equilibrio territorial e cada proxecto foi aprobado atendendo uns baremos obxectivos aplicados por unha comisión de valoración en cada provincia", apuntou o director xeral.

### Administracións distintas da local

Con respecto á segunda convocatoria, a dirixida a órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, Hermida salientou que en 2011 destináronse preto de 25 millóns de euros, unha contía que permitiu a contratación de máis de 1.500 persoas ( máis de 1.300 desempregados e 200 axentes de emprego). As contratacións neste caso foron para a prestación de servizos.

A principal novidade desta orde foi que se estableceron unhas condicións mínimas para facilitar ás entidades o seu labor á hora de efectuar as contratacións e para garantir a viabilidade dos proxectos. Apuntou que as axudas distribuíronse por toda Galicia e que se priorizaron os proxectos presentados polas asociacións dedicadas á atención social e promoción económica.

En definitiva, o director xeral de Promoción do Emprego concluíu afirmando que estas axudas o que buscan é a mellora da empregabilidade en Galicia a través dun contrato subvencionado e se inscriben na aposta firme do Goberno autonómico polas políticas activas de emprego.

## Traballo intensificará o control e seguimento dos expedientes de regulación de emprego

- A Comisión Consultiva Galega da Inspección de Traballo, de composición tripartita -formada pola Administración xuntamente co sindicatos CC.OO, UGT e CIG, e a CEG- vén de aprobar os obxectivos para 2012 da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia
- A prevención, as relacións laborais, a seguridade social, e o control da economía irregular márcanse como principais obxectivos da Inspección de Traballo para o próximo exercicio

**Santiago, 2 de xaneiro de 2012**.- A Inspección de Traballo intensificará os controis e o seguimento sobre o cumprimento rigoroso das medidas contempladas nos expedientes de regulación de emprego. Así se acordou na Comisión Consultiva Galega de Inspección de Traballo onde se avogou por prestar unha especial atención por vixiar que se cumpran as condicións acordadas nos ERE, especialmente nos de suspensión e de redución de xornada.

Esta medida intégrase na programación da Inspección de Traballo para o ano 2012 onde se establece o plan de actuación dividido nas seguintes áreas: prevención de riscos, emprego e relacións laborais, seguridade social, economía irregular e traballo de estranxeiros.

En prevención de riscos laborais continuarase a dar un carácter prioritario á actuación inspectora nesta materia, dirixida a ofrecer unha resposta eficaz coa finalidade dunha redución das cifras de sinistralidade en e dar cumprimento á demanda social existente neste campo.

Na área de actuación de Emprego e Relacións Laborais, a elevada taxa de temporalidade na contratación, carente de causalidade que a xustifique, con frecuentes encadeamentos de contratos de traballo e as recentes modificacións da normativa nesta materia, obriga a manter este obxectivo.

Complementariamente a este punto faise necesario establecer planificacións específicas para vixiar a subcontratación na construción e a cesión ilegal de traballadores.

Establécese ademais unha liña de traballo para iniciar actuacións que velen pola integración laboral de discapacitados co obxecto de que se contrate a porcentaxe legal prevista do 3 por cento.

Nesta área, tamén están as actuacións relativas ás condicións do traballo, tales como a xornada laboral, horas extraordinarias e descansos, discriminación por razóns distintas de xénero (como as salariais ou de lingua, por exemplo), e o cumprimento da igualdade efectiva de mulleres e homes.

Na área de economía irregular a loita contra o emprego sumerxido ou irregular, contémplanse actuacións que fundamentalmente van encamiñadas a detectar faltas de alta en Seguridade Social, traballos de perceptores de prestacións incompatibles e o emprego irregular de estranxeiros.

É neste apartado, e á petición da autoridade laboral da Comunidade Autónoma, no que se establece a realización dunha campaña durante todo o ano para o seguimento e control do estrito cumprimento das condicións e medidas de aprobación dos Expedientes de Regulación de Emprego, principalmente en aqueles que contemplan a suspensión de actividade ou a redución de xornada co fin de detectar, de ser o caso, posibles prácticas fraudulentas no cumprimento do acordado nalgunha das modalidades dos ERE.

## A Xunta colabora coa formación de persoas con discapacidade na Coruña investindo máis de 100.000 euros nun curso de animación 3D



**A Coruña, 19 de xaneiro de 2012**.- Un total de 12 alumnos e alumnas con discapacidade recibiron da man da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, os diplomas que acreditan a súa formación durante máis de 700 horas como técnicos especialistas en animación 3D.

A responsable do departamento autonómico- quen estivo acompañada polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo- explicou no transcurso deste acto que se celebrou na Coruña, que o Goberno galego colaborou coa Fundación Averhó para a formación destas persoas investindo, ao igual que en 2010, máis de 100.000 euros para facer posible esta acción. Polo tanto, é o segundo ano consecutivo que o Goberno galego apoia esta iniciativa, incidiu.

Este programa, que apoia a Consellería de Traballo e Benestar, permite aos seus participantes formarse nun ámbito "con boas expectativas de inserción laboral", destacou Mato, quen apostilou que a formación que se imparte, ademais, é de "altísima calidade".

A conselleira indicou, así mesmo, que a colaboración con este tipo de iniciativas vai na liña dos principais eixos do Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade 2010-2013 que está a executar o Goberno galego.

Neste senso, resaltou que este documento conxuga toda a acción do Goberno e toda a experiencia das entidades sociais para conseguir a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade. "Unha das prioridades da Xunta é deseñar unha sociedade plenamente integradora e inclusiva e, polo tanto, loitar contra os obstáculos das persoas con discapacidade", subliñou.

Así, fixo referencia a que unha das principais actuacións do departamento autonómico é colaborar con este colectivo na inserción laboral. "Un posto de traballo é, para todas estas persoas, o piar esencial desde o que desenvolver o seu proxecto de vida, xa que supón o acceso non só aos recursos económicos, senón tamén ao intercambio social e ao crecemento persoal", sinalou.

Por último, a titular de Traballo destacou que o Goberno galego investirá ao longo de 2012 máis de 14,5 millóns de euros para fomentar a contratación de persoas con discapacidade e indicou que para formación de persoas desempregadas en xeral destinaranse máis de 55 millóns.

## Informe do paro rexistrado

# Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 271.284 persoas desempregadas

Santiago, 2 de febreiro de 2012.- Galicia rexistrou no mes de xaneiro un total de 271.284 persoas desempregadas, o que supón un aumento en termos relativos do 5,05 por cento con respecto ao mes de decembro.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, lembrou que o mes de xaneiro é un mes onde tradicionalmente aumenta o desemprego en todas as comunidades autónomas, é dicir, os datos foron negativos a nivel de todo o Estado. Neste sentido, resaltou como a crise amosa agora que está chegando en "distintos tempos" ás diferentes comunidades, dado que agora o desemprego está a repuntar, por exemplo, noutras comunidades autónomas do norte de España que tiñan amosado ata agora un mellor comportamento que o resto de comunidades autónomas.

Segundo explicou, nos datos reflíctense que o principal aumento concéntrase no sector servizos debido en boa parte ao remate da campaña do Nadal

Díaz López apuntou que obviamente esta é unha cifra "negativa", dado que hai un aumento do paro. Con todo, indicou que se segue rexistrando unha contención na destrución de emprego a nivel interanual. Neste sentido, lembrou por exemplo o dato rexistrado entre xaneiro de 2008 e 2009, no que o incremento interanual foi de 40.154 persoas.

Neste mes de xaneiro, Galicia foi a novena comunidade autónoma onde menos medrou o paro interanual, así como a duodécima na que menos aumentou o paro intermensual

Por colectivos, o desemprego aumentou en todos eles, especialmente no sector servizos (+9.132); seguido pola construción (+1.877); a industria (+1.238); o colectivo sen emprego anterior (+614) e a agricultura e a pesca (+189).

http://emprego.xunta.es




| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| Illes Balears | 98.927 | 0,86 |
| Melilla | 10.464 | 1,03 |
| Estremadura | 138.725 | 2,46 |
| Murcia | 147.220 | 3,01 |
| Cataluña | 633.210 | 3,09 |
| Valencia | 551.793 | 3,13 |
| Canarias | 273.983 | 3,17 |
| A Rioxa | 26.200 | 3,23 |
| Aragón | 105.753 | 3,70 |
| Andalucía | 1.008.202 | 4,03 |
| Madrid | 511.465 | 4,66 |
| Castela-A Mancha | 236.790 | 4,85 |
| Galicia | 271.284 | 5,05 |
| Cantabria | 51.879 | 5,29 |
| Castela e León | 219.859 | 5,46 |
| Ceuta | 11.452 | 5,82 |
| Asturias | 96.607 | 6,70 |
| Navarra | 50.149 | 6,82 |
| País Vasco | 155.867 | 7,20 |
| **TOTAL** | **4.599.829** | **4,01** |

**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)











## EPA

# Enquisa de poboación activa (EPA)

A enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é de 65.000 familias ao trimestre, quedando reducida na práctica a aproximadamente 60.000 familias entrevistadas de xeito efectivo que equivalen a unhas 180.000 persoas.

En Galicia hai 240,4 mil parados (Fonte: EPA 4º trimestre 2011 do INE), o que reresenta unha taxa de paro de 18,30 cunha taxa do 17,60 para os homes e 19,09 para mulleres. As taxas de paro por comunidades autónomas e sexo son as seguintes:

| | Ocupados (*) | Parados (*) | Taxas de paro | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Homes | Mulleres | **Total** |
| Andalucía | 2.749,6 | 1.248,5 | 29,80 | 33,06 | **31,23** |
| Aragón | 540,4 | 109,4 | 16,85 | 16,83 | **16,84** |
| Asturias | 388,2 | 90,5 | 19,85 | 17,81 | **18,90** |
| Illes Balears | 434,9 | 146,5 | 25,67 | 24,62 | **25,20** |
| Canarias | 763,5 | 341,9 | 30,52 | 31,43 | **30,93** |
| Cantabria | 234,7 | 44,5 | 16,15 | 15,67 | **15,93** |
| Castela-A Mancha | 972,8 | 201,5 | 15,60 | 19,16 | **17,16** |
| Castela e León | 758,8 | 245,6 | 22,40 | 27,18 | **24,45** |
| Cataluña | 3.006,8 | 775,4 | 20,70 | 20,27 | **20,50** |
| Valencia | 1.879,0 | 641,3 | 25,73 | 25,10 | **25,45** |
| Estremadura | 352,8 | 141,3 | 25,52 | 32,72 | **28,59** |
| Galicia | 1.072,9 | 240,4 | 17,60 | 19,09 | **18,30** |
| Madrid | 2.743,4 | 623,3 | 19,00 | 17,97 | **18,51** |
| Murcia | 544,8 | 199,1 | 26,23 | 27,48 | **26,77** |
| Navarra | 265,3 | 42,5 | 13,13 | 14,63 | **13,82** |
| País Vasco | 925,3 | 133,5 | 11,67 | 13,67 | **12,61** |
| A Rioxa | 126,8 | 29,2 | 17,62 | 20,02 | **18,70** |
| Ceuta | 25,7 | 10,6 | 21,03 | 40,92 | **29,16** |
| Melilla | 21,8 | 8,5 | 19,20 | 40,38 | **28,13** |
| **TOTAL** | **17.807,5** | **5.273,6** | **22,46** | **23,32** | **22,85** |

(*) en miles de persoas




## Cooperativismo

# A 'Rede Eusumo' de promoción do cooperativismo en Galicia achégase a máis de 1.600 emprendedores e estudantes en seis meses

**Santiago, 4 de xaneiro de 2012**.- Máis de 1.600 galegos e galegas (800 emprendedores e 800 estudantes de primaria, secundaria e ciclos formativos) participaron nalgunha das actividades que levou a cabo a Rede Eusumo de Desenvolvemento Cooperativo nos seus primeiros 6 meses de posta en funcionamento. Trátase dunha iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar posta en marcha a finais de xuño deste ano para promover o cooperativismo en Galicia. Grazas ao labor da rede, constituíronse xa 2 cooperativas e outras 6 están en proceso, das que tres xa están elaborando os seus estatutos.

Esta rede, que conta con catro centros situados en Narón, Lugo, Ourense e Verín, desenvolveu ata o de agora traballos de dinamización, asesoramento e formación en torno a estas localidades para dar a coñecer as posibilidades de emprender dentro da economía social e para apoiar aquelas persoas que se decidan a facelo.

Todas as actuacións que se levaron a cabo se realizaron en colaboración coas diferentes institucións e axentes presentes no territorio. Así, a rede tense achegado a máis dun centenar de axentes de emprego, responsables municipais, asociacións empresariais, colectivos que loitan contra a exclusión social ou cámaras de comercio.

**http://www.eusumo.coop/**

REDE eusumo
cooperativismo e economía social

# A nova orde de dependencia establece seguimentos anuais aos dependentes para garantir a mellor calidade de atención

- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta orde, que vén desenvolver o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro
- Outra das principais novidades do texto é que regula procedementos de atención prioritarios para os menores de 3 anos e para os casos de emerxencia social
- Ademais, establece distintas intensidades para os servizos e das libranzas de forma que se poidan combinar entre si, co fin de avanzar no modelo dun "menú flexible", tal e como establecerá a nova carteira de servizos de atención á dependencia
- Regula as comisións provinciais de coordinación para mellorar a cooperación entre concellos, Administración autonómica e o sistema sanitario
- Posibilita a ampliación da prestación da libranza do asistente persoal co fin de avanzar na integración laboral ou formativa daquelas persoas en situación de dependencia que queiran avanzar neste camiño
- A orde exceptúa de forma transitoria o límite de idade de 60 anos para acceder aos centros residenciais de persoas maiores, en tanto non estea anulado definitivamente co decreto da nova carteira de servizos

**Santiago, 13 de xaneiro de 2012**.- A nova orde de dependencia establecerá seguimentos anuais das persoas dependentes atendidas. Estes controis estarán realizados por parte dos profesionais de referencia e terán como fin garantir a máxima calidade dos coidados e a idoneidade do servizo que están recibindo. Ademais, no primeiro ano de atención, este seguimento realizarase dous veces ao ano.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica este texto, que vén desenvolver o Decreto 15/2010 do 4 de febreiro en materia de dependencia. Ademais, a normativa –que foi consultada no seo do diálogo social xunto coa patronal e os sindicatos participantes– vai en consonancia co que será o novo decreto da carteira de servizos de atención á dependencia, que determina recursos especializados, así como a súa posibilidade de combinación, co obxectivo de crear un "traxe a medida" para a atención integral das persoas con dependencia.

Ademais da regulación das visitas no domicilio, outra das principais novidades que se establecen na orde céntrase no establecemento de procedementos prioritarios para dous casos en concreto: para os menores de 3 anos; e para os casos de emerxencia social (desamparo ou abandono; malos tratos físicos ou psíquicos; e situación de risco grave inminente para a integridade física).

No caso concreto dos menores de 3 anos, regúlase un prazo máximo de 40 días para outorgar o recurso. Pola súa banda, nos casos de emerxencia social, contémplase desde a asignación inmediata do recurso nos casos que sexa necesario polas súas circunstancias ata unha espera máxima de 3 días. Nestes casos, primeiro asígnase o recurso, e posteriormente complétase todo o procedemento de recoñecemento da dependencia. En ambos os dous casos establecerase un profesional de referencia para estes expedientes de entre os técnicos da respectiva xefatura territorial.

Outro punto salientable desta nova normativa é que se regula a intensidade e a compatibilidade entre os distintos servizos e libranzas. Este aspecto vincúlase coa que será a nova carteira de servizos de atención á dependencia, e que permitirá ao dependente optar a un "traxe a medida" cos distintos recursos para garantir unha atención personalizada.

Isto é, a orde establece en que medida e que servizos e libranzas son compatibles entre si, permitíndose a compatibilidade practicamente entre todos eles pero sempre cunha intensidade parcial, co obxectivo de proporcionar unha atención integral ás persoas en situación de dependencia. Deste xeito, un dependente, por exemplo, podería acceder 100 horas ao mes de atención diúrna (e non ás 160 da intensidade completa) e conxugalo cunha axuda no fogar de 30 horas ao mes para completar a atención.

De acordo tamén coa carteira de servizos, que rompe a barreira da idade, a orde establece tamén, de forma transitoria, a excepción do límite de idade de 60 anos á hora de acceder aos centros residenciais de persoas maiores en situación de dependencia, que xa quedará anulado de forma definitiva en canto se aprobe o decreto desta carteira de servizos.

Libranza do asistente persoal

Por outro lado, o texto que se publica no DOG precisa o complemento autonómico á libranza do asistente persoal, que xa se recollía no decreto de 2010, e que vén dar resposta ás demandas do colectivo de persoas con discapacidade.

Cabe recordar que estas libranzas para un asistente persoal van dirixidas principalmente a aquelas persoas con dependencia que estean en busca activa de emprego (ou xa nun traballo) ou ben para aquelas persoas que se estean formando.

Para que conten co mellor apoio posible, o Goberno autonómico acomete dúas ampliacións: por unha banda, estende a posibilidade de optar a este servizo desde o grao III –como establece a lei- ata incluír tamén o grao II; e por outra banda, increméntase a contía que se vai percibir por este recurso. O Estado fixa a contía máxima en 833 euros, pero a Comunidade autónoma ampliará este financiamento ata superar os 1.300 euros coma complemento adicional, que mesmo se poderá incrementar nun 15% de xustificarse períodos de especial dedicación.

A orde afonda tamén na regulación do respiro do coidador non profesional, que se fixa en 45 días ao ano. Neste sentido, recolle que o coidador poderá optar a este respiro a través de calquera das modalidades de atención da Lei de dependencia.

